ILMO. CONCELLO O Grove

# INSCRICIÓN ESCOLA DE FAMILIA 1.0

## DATOS DO ALUMNO/A:

| | | |
|---|---|---|
| NOME: | | |
| DNI: | Enderezo: | |
| Colexio: | Curso: | Data nacemento: |

## DATOS DO PAI/NAI/TITOR:

| | | |
|---|---|---|
| NOME: | | |
| DNI: | Teléfono: | Email: |
| Enderezo: | | |

O Grove, de de 20 . Hora:

Sinatura

Entregar no instituto, na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey ou na Casa Azul (Educador Familiar)

PROGRAMA

# ESCOLA DE FAMILIA 1.0

SER PAI E NAI HOXE. ONDE ESTÁ O LIBRO DE INSTRUCIÓNS?



DIRIXIDO A PAIS E NAIS, QUE DEBERÁN ASISTIR CO SEU FILLO/A

**Duración:** ONCE SESIÓNS, NOVEMBRO 2013-FEBREIRO 2014
**Lugar:** CASA DA CULTURA MANUEL LUEIRO REY

ILMO. CONCELLO O Grove

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Programa financiado polo MECD

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

## OBXECTIVOS

Espacio de encontro e de aprendizaxe, onde o intercambio de experiencias e a reflexión colectiva sobre cuestións relacionadas coa educación, permite a pais, nais e alumnos obter ferramentas e estratexias adecuadas para axudar na labor de educar.

Esta escola de familia 1.0 está deseñada e dirixida a proporcionar recursos aos proxenitores e aos seus fillos para fomentar competencias e actitudes relacionadas co esforzo, a cooperación, a responsabilidade, a autonomía, o respecto, o aprendizaxe continuo, o desexo de saber, a creatividade, o espírito crítico, a asunción de riscos e a aceptación do erro. Todos estes recursos dirixiranse a conseguir o éxito escolar.

## METODOLOXÍA

Será fundamentalmente participativa e en grupos de traballo reducidos, dirixidos por un profesional en psicoloxía.

O enfoque desta escola de familia 1.0 diríxese a potenciar competencias e actitudes positivas tanto dos pais como dos fillos, co fin de facilitar un desenvolvemento saudable da personalidade dos menores e das relacións familiares.

Trataranse aspectos relacionados coas etapas evolutivas, a comunicación cos fillos, as novas tecnoloxías, métodos de organización, de estudo, etc.

## TEMÁTICAS

Ámbito familiar e social

- Cambios durante a adolescencia
- A comunicación na familia
- Fomento da autoestima na familia
- Habilidades educativas: afecto e límites
- Estratexias educativas para previr os problemas de conduta

Comunidade Educativa

- Ferramentas para fomentar o rendemento escolar
- Como fomentar a motivación
- Técnicas de estudo para pais, nais e fillos.

Sociedade en continuo cambio

- Pautas para o correcto uso das novas tecnoloxías
- Estilos de vida saudables

## DESTINATARIOS

Dirixido a pais e nais que asistirán conxuntamente co seu fillo/a, alumno de educación secundaria ou de programas de cualificación profesional inicial (PCPI).

Cada grupo terá un mínimo de 10 e un máximo de 26 asistentes.

## DATA

De novembro a febreiro. Sesións semanais de 2 horas.

## LUGAR

Casa da Cultura Lueiro Rey

## INSCRICIÓNS

As inscricións pódense entregar na Casa da Cultura Lueiro Rey ou no departamento de Educación Familiar –Casa Azul– ata completar as prazas dispoñibles.

O programa é gratuíto.